



## BASES DE PARTICIPACION NA FEIRA SADA COMERCIO 2019

**1.- Obxeto:** As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións e o procedemento de outorgamento da autorización da ocupación de terreos de uso público para instalación de diferentes postos de venda de diversas mercadorias, na carpa situada a tal fin na Praza dos Irmáns Suárez Picallo, os días 6 e 7 de abril do presente ano. O número de autorización outorgadas serán dun mínimo de dez e un maxímo de trinta, podendo tomar parte nesta feira calquera establecemento do Concello de Sada que presenten a solicitude en tempo e forma.

### 2. Inscripción

- As instancias solicitando tomar parte na Feira Sada Comercio 2019 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

### 3. Prazo de presentación e documentación requerida

O prazo para presentar as solicitudes será do 20 ao 28 de marzo de 2019, ambos inclusive, en horario de 09:00 a 14:00 horas. As solicitudes deberán enviarse no modelo de inscrpción debidamente cumplimentado (Anexo I), xunto con fotocopia do DNI e una breve descripción dos productos ofertados.

### 4. Montaxe e Horarios

A montaxe levarase a cabo o o dia venres 5 de abril de 2019 ás 19:00 horas.

O horario de venta ao público os días da feira será das 11:00 ás 22:00 horas.

Os participantes comprométense a cumplir co horario de apertura e peche sendo este ininterrompido.

A organización garanteza o servizo de seguridade nocturna dentro da carpa os días 5 de abril (dende as 22:00 ás 10:00 do día seguinte) e o 6 de abril no mesmo horario.

A organización non se fai responsable do contido do posto no horario de apertura da feira.

Así mesmo cada expositor deberá posuir como requisitos mínimos: unha alargadeira eléctrica (de 10 mts. Mínimo) en bo estado para conectarase ao punto de luz mais proximo, protección contra as sobrecargas e curtos circuitos e elementos necesarios para iluminar o seu posto.

### 5. Asignación de Espazos e ubicacións da Feira

A asignación dos espazos corre a cargo da organización, será por rigorosa orde de inscrpción debido a limitacións do espazo existente.

O espazo máximo a ocupar será de 3x3 m<sup>2</sup>.

Haberá espazo destinado a instalación de ata dous Food Trucks ou postos adicados a venda de comida e bebida no exterior da carpa.

### 6. Aceptación de Solicitudes

A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto antes do 1 de abril do presente ano.

### 7. Servizos Facilitados

7.1.- Carpa de dimensións 30x20 instalada na Praza Irmáns Suárez Picallo.

7.2.- Puntos de luz na Feira.

7.3- Mostradores, mesas e cadeiras para os participantes e para o desenvolvemento de actividades institucionais.

7.4.- Elementos gráficos verticais e/u horizontais que sirvan para separar e identificar os distintos espazos.

7.5.- Bandeirolas identificativas que sirvan de información do evento. Elementos decorativos que potencien a uniformidade nos postos dos distintos participantes e no recinto da carpa en xeral.

7.2.- A organización disporá diversos contedores de lixo no recinto.

7.3. -A organización non se responsabilizará dos roubos ou danos que se poidan ocasionar.

7.4.- Seguridade nocturna.

7.5 .-Obradoiros, concertos e actividades varias.

8.- A organización reservase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte ós requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases. –

Sada, 18 de marzo de 2019.

Asdo.- Xosé Lois Suárez Becerra  
Concelleiro delegado de Promoción Económica e  
Medio Ambiente.

